



MINISTERIO
DEL INTERIOR



REHABILITACIÓN DE VEHÍCULOS

IMPORTANTE: Antes de presentar en calquera xefatura un trámite, deberá solicitar cita previa

- **Solicitud** en impreso oficial (*impreso dispoñible en www.dgt.es*).
- **Taxa** por importe de 97,80 €, agás os ciclomotores (27,30 €). (Non se admite o pagamento en metálico).
- **Identificación da persoa interesada:**
 - Persoas físicas: documento oficial que acredite a identidade e o domicilio da persoa titular (DNI, permiso de conducción español, tarxeta de residencia, pasaporte máis número de identificación de estranxeiros).
 - Persoas xurídicas: tarxeta de identificación fiscal da sociedade e acreditar a representación e a identidade da persoa que asine (*modelo dispoñible en www.dgt.es*).
 - Menores ou incapacitados: datos e sinatura do pai, nai ou titor, o seu DNI e o documento que acredite o concepto polo que actúen.
 - Se o solicitante non é a persoa titular do vehículo, achegará **un documento acreditativo da propiedade** (contrato xunto co DNI do transmisor; factura xunto co NIF da empresa, documento notarial...).
 - No caso de que se trate dun vehículo adxudicado en poxa pola Delegación do Goberno para o Plan nacional sobre drogas, a **acta ou certificado de adxudicación** lexitimará o adxudicatario para solicitar a súa rehabilitación (*información específica deste suposto en www.dgt.es*).

Presentada esta documentación, a Xefatura de Tráfico, se procede, dirixirá un oficio á estación de ITV para que someta o vehículo á inspección. Unha vez superada a inspección, presentaranse os seguintes documentos:

- **Tarxeta de ITV** expedida para tal fin pola estación de ITV.
- Os **vehículos agrícolas deberán achegar** un documento acreditativo da alta no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola da comunidade autónoma, salvo acreditación telemática no Rexistro de Vehículos da DXT.
- **Certificado de transportes** se se trata dun autobús ou dun vehículo de transporte de mercadorías cunha MMA superior a 6 toneladas e unha carga que exceda de 3,5 toneladas, salvo acreditación telemática no Rexistro de Vehículos da DXT.
- Xustificante do pagamento/exención do imposto sobre transmisións patrimoniais se non se presenta factura e a persoa que solicita a rehabilitación é distinta do último titular.
- Xustificante do pagamento/exención do imposto de circulación do concello onde teña o seu domicilio o solicitante.

NOTA:

*Se non presenta o trámite a persoa adquirente, será necesario acompañar unha autorización asinada por esta, xunto co seu DNI orixinal, na que se faga constar a gratuidade (*modelo dispoñible en www.dgt.es*).*

En caso de ausencia de acreditación fidedigna dalgún dos datos arriba requiridos, poderá solicitarse documentación adicional.

Actualizada 05/07/2018